

ACTIVIDADES

- Charla informativa sobre SVE no Fórum Metropolitano. Fundación Paideia e CMIX
- Programación CGAI marzo-abril 2019
- Programa de voluntariado xuvenil en espazos naturais. D.X. Xuventude
- Roteiro polos orixenes familiares de María Casares. Asociación de Actores e Actrices de Galicia
- Grupo temporal de investigación "Corpo en acto". Tribuna Pública
- Festival latinoamericano de instalación de software libre, FLISoL, na Domus
- Xornada sobre SRD (radio definida por software) na Domus
- Axenda semanal de concertos na Coruña

BOLSAS

- Programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2019. Concello da Coruña,
- Bolsas para un programa de inmersión lingüística en inglés en España. Ministerio de Educación
- 20 bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos, 2019. Deputación Provincial da Coruña
- Bolsas para deportistas da provincia para o ano 2019. Deputación Provincial da Coruña
- Premios extraordinarios de FP de grao superior 2017/18. Cnsellería de Educación

CONCURSOS

- 16º Premios "Buero" de Teatro Joven. Fundación Coca-Cola e o Ministerio de Educación
- Concurso Novos Investigadores "Se es orixinal, es de libro". Centro Español de Dereitos Reprográficos

VARIOS

- XXVII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional. Concello da Coruña
- Novo período de solicitude dos Locais de Ensaio. Concello da Coruña

ACTIVIDADES

Charla informativa sobre SVE no Fórum Metropolitano

A Fundación Paideia organiza este xove 21 de marzo, coa colaboración do Centro Municipal de Información Xuvenil, unha charla informativa sobre o Servizo Voluntario Europeo no Fórum Metropolitano

O Servizo Voluntario Europeo (SVE) é un proxecto internacional de voluntariado financiado pola UE e pertencente ao programa Erasmus+, que permite á mocidade entre 18 e 30 anos realizar un programa de voluntariado nunha organización ou institución de Europa por un periodo de longa duración (entre 6 e 12 meses).

A asistencia a algunha destas reunións informativas é obrigatoria para as persoas que queiran que a Fundación Paideia sexa a súa organización de envío no seu proxecto de voluntariado europeo.

CANDO: xoves 21 de marzo de 2019

HORARIO: 18.00 h.

LUGAR: [Auditorio do Fórum Metropolitano](#)

REQUISITOS: inscrición previa en www.paideia.es/sve

PREZO: gratuito

MÁIS INFORMACIÓN:

- Fundación Paideia

Tel.: 981 223 927 correo-e: paideia@paideia.es

www.facebook.com/SvePaideia

Web: www.paideia.es/voluntariado-europeo

- CMIX

Tel. 981 184 294 correo-e: cmix@coruna.es

Web: www.coruna.gal/cmixon



¿Quieres vivir a experiencia do Voluntariado Europeo?

CHARLA INFORMATIVA SVE

Cando: xoves 21 de marzo - 18.00 h
Onde: Auditorio do Fórum Metropolitano, A Coruña
Inscricións: www.paideia.es/sve

Para mais información:
 CMIX: Fundación Paideia:
 981 184 294 981 223 927
 cmix@coruna.es sve@paideia.es

Organiza:  **Colabora:** 

Programación CGAI marzo-abril 2019

O CGAI programa os seguintes ciclos de cinema para os próximos dous meses:

o ciclo de filmes dirixidos por mulleres "Olladas de muller", o ciclo "Esenciais" adicado ao actor Sterling Hayden, unha das personalidades máis singulares de Hollywood, o ciclo "Vai e Vem: carta branca a Chema Prado", un tributo ao que foi director da Filmoteca Española, a 2ª parte do ciclo "Tan poderoso como o amor" e, completando a programación, as habituais seccións "Desencadres", "Fóra de serie", "Pensando en cine / Pensando en Galicia", "Off Galicia" e "Cgai Júnior"

CANDO: do 01/03/2019 ao 30/04/2019

PREZO:

- Xeral: 1,20€
- Carné Xove: 0'60€
- Abono para 10 sesións: 9€

- As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

- A venda de entradas iniciarase 15 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado)

- Só se venderán un máximo de 2 entradas por persoa

LUGAR / INFORMACIÓN:

CGAI

Rúa Durán Loriga, 10-baixo (15003 - A Coruña)

Tel. 881 881 270

correo-e: programacion@cgai.org

Web: www.cgai.org

*Arquivo: [programación completa .pdf \(739 KB\)](#)



Programación 251
 marzo / abril 2019

CGAI  Centro Municipal de Información Xuvenil

OLLADAS DE MULLER
 VAI E VEM: CARTA BRANCA A CHEMA PRADO (I)
 ESENCIAIS: STERLING HAYDEN
 TAN PODEROSO COMO O AMOR (e II)

PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: ANTON LOSADA
 DESENCADRES: JONATHAN SCHWARTZ / JULIUS RICHARD / STAN BRACKHAGE (34)
 FÓRA DE SERIE
 CGAI JÚNIOR
 OFF GALICIA

ACTIVIDADES

Programa de voluntariado xuvenil en espazos naturais

A D.X. de Xuventude, Participación e Voluntariado, no marco do proxecto LEWO (Evergreen With volunteer) ao abeiro do programa LIFE 2016 do Corpo de Solidariedade Europeo, organiza actividades de voluntariado ambiental nos meses marzo, abril, maio e xuño de 2019, co obxectivo é sensibilizar e fomentar o respecto polo rico patrimonio natural de Galicia, así como preservar e potenciar estas zonas coa contribución dos mozos e mozas voluntarias

CANDO:

- 15, 16 e 17 de marzo: *PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME* (máximo 20 persoas):
Punto de encontro e aloxamento: Albergue xuvenil de Gandarío (Bergondo). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 29, 30 e 31 de marzo: *PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME* (máximo 20 persoas)
Punto de encontro e aloxamento: Albergue de Gandarío (Bergondo). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 22, 23 e 24 de marzo: *RESERVA DA BIOSFERA FRAGAS DO MANDEO* (máximo 20 persoas)
Punto de encontro e aloxamento: Albergue de Gandarío (Bergondo). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 5, 6, 7 de abril: *PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO* (máximo 20 persoas)
Punto de encontro e aloxamento: Hostal Áncora (Ribeira). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 5, 6 e 7 de abril: *ILLA DE SÁLVORA* (máximo 10 persoas)
Punto de encontro: Peirao de Aguiño (Ribeira). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 12, 13 e 14 de abril: *PARQUE NATURAL DE BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS* (máximo 20 persoas)
Punto de encontro: Centro de interpretación do Parque Natural de Baixa Limia- Serra do Xurés, (Lobios). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 17, 18, 19 e 20 de abril: *PARQUE NATURAL DE ANCARES* (máximo 20 persoas).
Punto de encontro e aloxamento: "Mesón Novo", Campa da Braña (Cervantes). [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 29 e 30 de abril, e 1, 2 e 3 de maio: *ILLA DE CORTEGADA* (máximo 10 persoas).
Punto de encontro: peirao de Carril. [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 6, 7, 8, 9 e 10 de maio: *ILLAS CÍES* (máximo 8 persoas).
Punto de encontro: peirao de Vigo. [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 13, 14, 15, 16 e 17 de maio. Zona: *ILLA DE ONS* (máximo 8 persoas).
Punto de encontro: peirao de Bueu (xunto á lonxa), e aloxamento na propia illa. [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 20, 21, 22, 23 e 24 de maio: *ILLA DE ONS* (máximo 8 persoas).
Punto de encontro: peirao de Bueu, e aloxamento na propia illa. [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 31 de maio, 1, 2 de xuño: *ILLA DE ONS* (máximo 8 persoas).
Punto de encontro: peirao de Bueu, e aloxamento na propia illa. [Enlace ao Formulario de inscrición](#)
- 25 de maio: *PARQUE NATURAL SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA* (máximo 10 persoas).
Punto de encontro: Centro de visitantes do P. N. Serra da Enciña da Lastra, en Biobra (Rubiá).
[Enlace ao Formulario de inscrición](#)

REQUISITOS:

- Ter entre 18 e 30 anos e residir en Galicia
- Cumprimentar o formulario de participación da zona ou zonas de interese (as prazas adxudicaranse por orde de inscrición)
- As persoas interesadas deberán inscribirse previamente como voluntarios/as no Corpo Europeo de Solidariedade:
http://europa.eu/youth/SOLIdARity_es

MÁIS INFORMACIÓN:

D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado
Tel.: 881 999 567

erasmus.xuventude@xunta.gal

WEB: www.voluntariadogalego.org



ACTIVIDADES

Roteiro polos orixenes familiares de María Casares

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) lembrará a figura de María Casares coa organización dun roteiro polas orixes familiares da actriz na Coruña. Deste xeito, a AAAG celebra por 2º ano consecutivo esta iniciativa tras o éxito de asistencia rexistrado o ano pasado.

O roteiro desenvolverase o sábado 16 de marzo en dúas quendas que partirán da Casa Museo Casares Quiroga, unha de mañá e outra de tarde. Estarán guiados polo historiador Emilio Grandío e a investigadora María Lopo e contará coa participación do actor Gonzalo Uriarte e a actriz Mabel Rivera poñéndolle voz á María Casares.

CANDO: 16/03/2019

HORARIO: 1ª quenda: de 11:30 a 13.30 h. - 2ª quenda: de 16:30 a 18.30 h.

LUGAR: saída da **Casa Museo Casares Quiroga**
(R/ Panaderas, 12. A Coruña)

INSCRICIÓNS: online no [formulario de inscrición](#) (25 prazas por quenda)

PREZO: gratuito

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación de Actores e Actrices de Galicia

Tel.: 981 593 829 - 606 638 239

Correo-e: info@aaag.es

WEB: www.aaag.gal



Grupo temporal de investigación "Corpo en acto"

O coreógrafo Javier Martín coordina para Tribuna Pública a actividade de tipo lúdico centrada na aprendizaxe compartida "Corpo en acto", un espazo aberto á experimentación que parte do estudo das artes e ciencias do movemento co que, ao longo de 8 sesións, propón investigar en grupo as relacións entre corpo, memoria e lugar: exercicios de concentración e afinación para espertar o corpo, manipulacións corporais sinxelas, improvisacións, teoría e crítica aplicada ao corpo, colectivos invitados e debates en grupo

CANDO: do 19/03/2019 ao 29/03/2019

HORARIO: de 11.00 a 13.30 h.

LUGAR:

- martes 19, en Tribuna Pública (Praza de Tabacos)
- mércores 20, en Tribuna Pública (Praza de Tabacos)
- xoves 21, en Tribuna Pública (Praza de Tabacos)
- venres 22, en Tribuna Pública (Praza de Tabacos)
- martes 26, no Teatro Colón
- mércores 27, en Tribuna Pública (Praza de Tabacos)
- xoves 28, en Tribuna Pública (Praza de Tabacos)
- venres 29, no Planetario (Casa das Ciencias)

INSCRICIÓNS: ata o 17/03/2019 enviando correo-e a coreografo@javiermartin.gal, con copia a tribunapublicacoruna@gmail.com, indicando a motivación para participar e comentando oficio e interese

REQUISITOS:

- convocatoria aberta para todo tipo de público
- compromiso de asistencia e participación ao longo de proceso (prazas limitadas: 20 prazas)

PREZO: gratuíto

CONTACTO:

- **Javier Martín (coordinador)**

correo-e: coreografo@javiermartin.gal

- **Tribuna Pública**

correo-e: tribunapublicacoruna@gmail.com

www.facebook.com/tribunapublicacoruna

WEB: www.facebook.com/events/408618143234167



ACTIVIDADES

Festival latinoamericano de instalación de software libre, FLISoL

A Asociación Melisa en colaboración con Bricolabs organiza o FLISoL, o evento de difusión de software libre máis grande en Latinoamérica e está dirixido a todo tipo de público. A entrada é gratuíta e o seu principal obxectivo é promover o uso do software libre, dándolle a coñecer ao público en xeral a súa filosofía, alcances, avances e desenvolvemento.

CANDO: 27/04/2019

HORARIO:

- Instalación e probas de software libre: de 11:00 a 13:30 h. (aberto)
- Charlas e talleres: de 11:00 - 13:30 h e de 15.30 a 18.30 h. (require inscrición)
 - *LaTeX: Unha ferramenta para a difusión do coñecemento científico*
 - *Ferramentas para manter a túa privacidad en internet*
 - *Producción musical con software libre. Charla de Nolegaltech*
 - *Lin e accepto as condicións*
 - *Contido audiovisual na Wikipedia*
 - *PicarOS un distro lúdico educativa para pequerrechos*
 - *Editando libros con Markdown*
 - *que a evidencia esconde*
 - *Quen lle teme a Bash?*
 - *Programación de xogos retro con ferramentas libres*

LUGAR: *Domus*

R/ Ángel Rebollo 91 (15002 - A Coruña)

INSCRIPCIÓN:

en <https://flisol2019acoruna.wordpress.com/inscripcion> (para charlas e talleres)

PREZO: gratuíto

MÁIS INFORMACIÓN:

Flisol 2019

<https://flisol2019acoruna.wordpress.com>



Xornada sobre SRD (radio definida por software)

O colectivo de divulgación da cultura libre Melisa.gal e a asociación Bricolabs organizan unha xornada sobre aa tecnoloxía SRD (radio definida por software) en colaboración coa organización xuvenil SDR Galicia, que traballa na difusión desta tecnoloxía.

Unha SDR é unha radio na que todas ou parte das funcións da capa física está definidas por software, conferíndolle unha gran flexibilidade. O incremento da potencia dos procesadores e FPGAs, a redución do seu prezo e consumo e a aparición de diversos circuitos integrados transceptores de RF fixo posible que esta tecnoloxía medrase nos últimos anos estendéndose dende o ámbito militar e a investigación ata sistemas comerciais e de afeccionados

CANDO: 23/03/2019

HORARIO: de 11:00 a 17:30 h.

LUGAR: *Domus*

R/ Ángel Rebollo 91 (15002 - A Coruña)

PREZO: gratuíto

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación Melisa

info@melisa.gal

<https://www.melisa.gal/>

WEB: <https://corunadixital.gal>



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos destas semanas nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Escola Oficial de Idiomas. R/ da Educación, 1 (15011 - A Coruña)
 mércores 13 de marzo, ás 19.30 h.: **ELVIS MUSIC CONCERT (sing along)**. Entradas: 1 kg./l. de alimentos non perecederos

Teatro Colón. Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)
www.facebook.com/TeatroColonACoruna/
 xoves 14 de marzo, ás 20.30 h.: **SIDECARS**. Entradas esgotadas
 venres 15 ás 20.30 h.: **SES**. Entradas: desde 8€

Palacio da Ópera. Glorieta América s/n (15004 - A Coruña)
www.palaciodelaopera.com
 venres 15 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entradas: desde 11€
 sábado 16 ás 20.00 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entradas: desde 11€

Sala Mardi Gras. Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)
www.facebook.com/salamardigras
 mércores 13 ás 21:00 h.: **BABY SHAKES**. Entradas: 10€/13€
 venres 15 ás 22:30 h.: **CLUB DEL RÍO**. Entradas: 8€
 sábado 16 ás 20:00 h.: **TU OTRA BONITA + LAS ANTONIAS**. Entradas: 10€

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)
www.facebook.com/baba.bar.7
 sábado 16 ás 22:00 h.: **CHICHARRÓN**. Entradas: 6€
 mércores 20 ás 21.30 h.: **TANIA FUEGHO**. Entradas: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)
www.facebook.com/SalaGarufaClub
 xoves 14 ás 22.00 h.: **TIAGO BAPTISTA & ANTÓN IGLESIAS**. Entrada: 10€
 venres 15 ás 22.00 h.: **U2+DEPECHE MODE+THE CURE TRIBUTE**. Entrada: 15€/20€
 sábado 16 ás 20.30 h.: **ROCK SCHOOL, concerto alumnos**.

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)
www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club
 mércores 13, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **JACKIE MC LEAN TRIBUTO + JAM**. Entradas: 7€
 venres 15, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **PROJECT FIVE**. Entradas: 7€
 mércores 20, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **ANDRÉ SARBIB DÚO + R.SOMOZA**. Entradas: 12€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)
<http://playaclub.club/programacion>
 venres 15 ás 22:30 h.: **ARCO**. Entradas: 14€

Sala Pelicano. Avda. do Porto, 3 (15003 – A Coruña)
<https://salapelicano.com>
 luns 18 ás 23:30 h.: **SAFRI DÚO**. Entradas: desde 15€

Sala INN-Club. Avda. do Porto, 3 (15003 – A Coruña).
www.facebook.com/salainnclub
 sábado 16 ás 22:45 h.: **TREGUA**. Entradas: desde 10€

Sala Pantalán. Darsena deportiva Faro de Oza, s/n (15006 – A Coruña)
www.facebook.com/Sala-Pantalan-1749373945293158
 venres 15 ás 21.30 h.: **SHINOVA + NUNATAK**. Entradas: desde 14,50€





BOLSAS

Programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2019

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Xustiza Social e Coidados, convoca o programa educativo "Idiomas do Mundo 2019", no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de 4.º da ESO e 1.º de Bacharelato, de realizar unha actividade de inmersión lingüística no verán de 2019.

DESTINOS E PRAZAS: 60 bolsas, distribuídas do seguinte xeito:

- Inglés (Irlanda): 37 prazas.
- Francés (Francia): 10 prazas.
- Portugués (Portugal): 10 prazas.
- Alemán (Alemaña ou Austria): 3 prazas

DURACIÓN: 4 semanas de duración durante o mes de xullo de 2019

INSCRICIÓNS: ata o 29 de marzo de 2019 ás 14:00 h.

- O alumnado interesado en participar deberá inscribirse online en www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica (*o sistema elabora un xustificante de confirmación que se debe de imprimir e gardar*)
- Posteriormente, a documentación e a ficha de solicitude, asinada polo/a participante e persoa/s coa patria potestade ou tutela sobre o/a participante, deberá presentarse nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.

REQUISITOS:

- Estar empadroadado e residir no Concello da Coruña xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal dende o 1 de setembro de 2018. Tamén serán aceptados empadroamentos posteriores e anteriores ao final do prazo de presentación de solicitudes nos casos en que se acredite traslado de domicilio e centro educativo motivado por cambio de localidade de residencia ao Concello da Coruña.
- Estar matriculada/o e cursando 4.º da ESO ou 1.º de Bacharelato no curso 2018/2019.
- Obter no curso anterior, 3.º ou 4.º da ESO (segundo corresponda), unha cualificación media de 6,00 puntos ou máis e non ter ningunha materia pendente.
- Obter no curso anterior, 3.º ou 4.º da ESO (segundo o caso), unha cualificación de 6,00 puntos ou máis na/s materia/s de lingua/s estranxeira/s (inglés/francés /portugués /alemán) pola/s que se queira optar e estar a cursala/s no curso 2018/2019. No caso de estar a cursar algún destes idiomas na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela. Para o caso de portugués, de non se estar a cursar esta materia, a cualificación a valorar será a correspondente á materia de lingua galega e literatura do curso anterior.
- Os/as cidadáns que precisen visado para realizar estadias no país para o que solicitan destino deberán dispor do mesmo cando menos 15 días antes do inicio da viaxe. A tramitación e obtención do visado é responsabilidade da persoa solicitante.

DOTACIÓN:

- a) Bolsa total. Serán beneficiarias/os de bolsa total as persoas seleccionadas que non superen os 9.000,00 € anuais de renda per cápita. O cálculo da renda efectuarase consonte se establece nas presentes bases.
- b) Bolsa parcial. O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os 9 000,00 € anuais per cápita.

O programa inclúe: viaxes e desprazamentos até o destinoj, acompañamento por monitoras/es, estancia en familia en réxime de pensión completa, clases intensivas do idioma, actividades culturais e adicionais, seguemento e control por persoal, seguro de responsabilidade civil...

MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo Municipal de Educación

Avda. da Mariña, 18 -3º

15001 - A Coruña

Tel. 981 184 200 ext. 12038 e 12043

Correo-e: educacion@coruna.es

Web: www.coruna.gal/educacion

PUBLICACIÓN: BOP 20/02/2019



BOLSAS

Bolsas para un programa de inmersión lingüística en inglés en España

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca bolsas para a participación nun programa intensivo de inmersión lingüística en inglés en España, para o ano 2019

INSCRICIÓN: ata o 10 de abril de 2019 mediante o formulario accesible a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional no apartado correspondente a Trámites

REQUISITOS:

- Nacer entre o 1 de xaneiro de 1999 e o 31 de decembro de 2002.
- Estar matriculado no curso 2018-2019 en calquera curso dalgún dos seguintes estudos: Bacharelato, Ensinos profesionais de música e danza, Grao medio de formación profesional, Grao medio de artes plásticas e deseño, Grao medio de ensinos deportivos e Ensinos de idiomas de nivel intermedio ou avanzado.
- Obter no curso 2018-2019 a condición de bolseiro do Ministerio de Educación e Formación Profesional (Resolución 6 de agosto de 2018, BOE do 16, da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan bolsas de carácter xeral, para o curso académico 2018-2019, para estudantes que cursen estudos postobligatorios).
- Ter totalmente aprobado o curso inmediato anterior, cunha nota final mínima de 7,50 puntos na materia de inglés. No caso de solicitantes que estean matriculados en ensinos bilingües pero non cursasen a materia de inglés como materia individualizada o curso anterior, terase en conta a cualificación obtida na materia de inglés de cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Estar situado nun lugar da orde de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

DOTACIÓN:

- máximo de 2.400 bolsas para un programa intensivo de inmersión lingüística en inglés en España en réxime de internado e pensión completa, dunha semana de duración, no mes de xullo de 2019.
- a adxudicación da bolsa dará lugar á asignación dunha praza para participar na actividade.

**non se concederá contía algunha en concepto de traslado do alumno desde o seu domicilio ao centro de destino nin desde este a o seu domicilio, sendo de conta do alumno devandito traslado.*

PREZO: para completar o prezo total do curso o alumnado deberá abonar 100 € á empresa adxudicataria do concurso.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ministerio de Educación e FP
Os Madrazo, 15 (28014 - Madrid)
Tel.: 910 837 937
Tel. de información: 060
Web: www.educacionyfp.gob.es

PUBLICACIÓN: BOE 06/03/2019 (extracto)



BOLSAS

20 bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos, 2019

A Deputación Provincial da Coruña convoca bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2019, co obxecto de financiar o gasto derivado da realización de estudos artísticos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2019-2020.

20 bolsas distribuídas nas seguintes áreas:

- Área de artes plásticas e visuais: 3 bolsas
- Área de danza e artes do movemento: 2 bolsas
- Área de teatro e interpretación escénica: 3 bolsas
- Área de música: 8 bolsas
- Área de audiovisual: 2 bolsas
- Área de ilustración e banda deseñada: 2 bolsas

INSCRIPCIÓN: ata o 5 de abril de 2019 ás 14:00 h. de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, na web da Deputación da Coruña.

REQUISITOS:

- Residentes na provincia da Coruña que pretendan realizar estudos de perfeccionamento artístico fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado de empadramento cunha antigüidade mínima dun ano antes da publicación no BOP.
- Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo ou superior nivel á dos estudos para os que se solicita a bolsa.
- Non ser titular no momento da adxudicación da bolsa e durante a duración desta, de ningunha outra bolsa de estudos para o mesmo período, aínda que os estudos sexan diferentes.
- Os/as titulares de bolsa só poderán selo en 3 convocatorias
- Cada participante poderá presentar unha única solicitude.

DOTACIÓN: 9.000 € por bolsa

MÁIS INFORMACIÓN:

Deputación Provincial da Coruña

Avda. Porto da Coruña, 2 (15003 - A Coruña)

Tel. 981 080 319

Web: www.dacoruna.gal

PUBLICACIÓN: [BOP 04/03/2019](#)



BOLSAS**Bolsas para deportistas da provincia para o ano 2019**

A Deputación Provincial da Coruña convoca bolsas para deportistas de deportes que teñan un carácter individual, pertencentes a algunha das disciplinas olímpicas, co obxecto de apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos.

45 bolsas distribuídas en tres grupos:

- 15 bolsas grupo A.- 12-17 anos
- 15 bolsas grupo B.- 18-23 anos
- 15 bolsas grupo C.- 24-30 anos

INSCRIPCIÓN: ata o 29/03/2019 ás 14:00 h., de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, na web da Deputación da Coruña

REQUISITOS:

- Practicar un deporte, de carácter individual, que pertenza a un dos deportes olímpicos e disciplinas olímpicas, tanto de verán como de inverno, incluídos no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos do ano 2016 e dos próximos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Tokyo, no ano 2020.
Ten a consideración de deporte de "carácter individual" todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou por dous deportistas como máximo
- Cumprir cos requisitos de idade para cada grupo:
 - Grupo A.- 12-17 anos; deportistas nadas/os a partir do 1 de xaneiro de 2002 (incluído)
 - Grupo B.- 18-23 anos; deportistas nadas/os a partir do 1 de xaneiro de 1996 (incluído)
 - Grupo C.- 24-30 anos; deportistas nadas/os a partir do 1 de xaneiro de 1989 (incluído)
- Só se poderá solicitar bolsa por unha única modalidade deportiva.
- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, cunha antigüidade ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2017.
- Dispoñer de licenza deportiva vixente, na data da publicación no BOP da convocatoria, expedida pola federación deportiva correspondente
- Acreditar nivel deportivo na modalidade practicada e ter proxección nas previsións de futuro.

DOTACIÓN: 3.500 € para cada bolsa.

MÁIS INFORMACIÓN:

Deputación Provincial da Coruña

Avda. Porto da Coruña, 2 (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 080 319

WEB: www.dacoruna.gal

PUBLICACIÓN: [BOP 27/02/2019](#)



Premios extraordinarios de FP de grao superior 2017/18

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2017/18.

Poderanse conceder ata 23 premios extraordinarios, un por cada familia de formación profesional de grao superior implantada na Comunidade Autónoma de Galicia.

INSCRICIÓNS: ata o 4 de abril de 2019, preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a [Sede electrónica: procedemento ED311B](#).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

REQUISITOS:

- Ter cursados estudos de formación profesional de grao superior durante o curso 2017/18 nalgún centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ou na modalidade a distancia e que rematou os seus estudos no ano 2018.
- Ter obtido unha cualificación final do ciclo formativo igual ou superior a 8,50.

DOTACIÓN: 850 € por premio.


MÁIS INFORMACIÓN:

Consellería de Educación, Universidade e FP
San Caetano s/n (15781 Santiago de Compostela)
Tel.: 881 997 383 / 981 540 205 / 981 540 188

- Dúbdas relacionadas coa convocatoria:
premios@edu.xunta.es
- Dúbdas, dificultades técnicas ou máis información durante o proceso de obtención dos formularios: Tel. de información 012 ou correo-e 012@xunta.gal

Web: www.edu.xunta.gal/premiosedu

PUBLICACIÓN: [DOG 04/03/2019](#)



CONCURSOS

16º Premios "Buero" de Teatro Joven

Os Premios "Buero" de Teatro Joven convocan na súa 16ª edición a grupos de teatro escolares (institutos, colexios...) ou non escolares (asociacións, talleres de teatro...) formados por mozos entre 14 e 21 anos que queiran presentar a concurso as súas montaxes teatrais.

A Fundación Coca-Cola e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, como entidades organizadoras, perseguen que os mozos se acheguen ás artes escénicas promovendo o seu indubidable valor formativo e a formulación dun lecer alternativo nunha etapa vital e importante

INSCRIPCIÓN: ata o 20/04/2019 ás 23.00 h. online en www.fundacioncocacola.com/premiosbuero .

REQUISITOS:

- Mozos entre 14 e 21 anos, que poderán participar en 2 categorías: para grupos escolares e non escolares (os grupos deberán estar compostos por un máximo de 28 integrantes).
- Cada grupo teatral terá que inscribirse dentro dunha das dúas seguintes categorías:
- Categoría escolar: grupos pertencentes a centros de ensino, públicos ou privados, cuxos membros cursen estudos de 2º Ciclo de ESO, Bacharelato ou Formación Profesional.
- Categoría non escolar: grupos de teatro afeccionado pertencentes a outros centros, tales como: escolas de teatro, asociacións culturais, compañías independentes, etc.
- Montaxe teatral e da obra:- Lingua: calquera das linguas oficiais do Estado.- Duración: entre 40 e 120 minutos.- Xénero e forma: libres. A montaxe deberá ter unha posta en escena claramente teatral, aínda que poderá integrar outras artes escénicas, musicais ou visuais (danza, música, creación audiovisual...)- Texto: de libre elección. Darase especial valor a aquelas montaxes que partan de textos de creación propia ou de autores españois contemporáneos.
- Cada centro poderá presentar a Concurso varias montaxes, a través de un mesmo grupo teatral ou de diferentes grupos. Neste caso, deberá facer unainscripción por cada Montaxe Teatral.

PREMIOS:

Fase Autonómica:

- Trofeo e diploma acreditativos para o grupo no seu conxunto.
- Agasallo de material teatral para o Grupo no seu conxunto.
- As montaxes de cada categoría que obteñan o premio a Mellor "Montaxe Teatral" accederán á Fase Nacional.

Fase Nacional:

- Asistencia ao Campus Coca-Cola de Teatro Novo; con talleres e actividades teatrais.
- Trofeo e diploma acreditativos para o grupo no seu conxunto.
- Obsequio merchandising de Coca-Cola.
- Asistencia a espectáculo ou espectáculos teatrais, nas condicións que se expresan no apartado 6 das bases.
- os 2 grupos seleccionados como 1º Premios de categoría escolar e o 2º e 3º Premios de categoría non escolar da Fase Nacional terán como premio a representación da súa montaxe nun importante teatro de Madrid.

MÁIS INFORMACIÓN:

Fundación Coca-Cola

Tel.: 91-7258322

teatrojoven@fundacioncocacola.com

Web: www.fundacioncocacola.com/premiosbuero

*Arquivo: [Bases completas \(1 MB\)](#)



CONCURSOS**Concurso Novos Investigadores "Se es orixinal, es de libro"**

O Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO) convoca o concurso para mozos investigadores dixitais "Se es orixinal, es de libro".

INSCRICIÓN: ata o 29/03/2019

REQUISITOS:

- O concurso consiste na elaboración de traballos de investigación orixinais, realizados por estudantes de ESO, Bacharelato e ciclos de grao medio de FP (establecéndose tres categorías de participación), sobre un tema do seu interese: música, ciencia, literatura, arte, natureza, historia, cinema, deportes, filosofía, tecnoloxías, matemáticas...)
- Os traballos poderanse presentar calquera das linguas oficiais de España. A inscrición e os traballos presentaranse en formato dixital en liña, para iso os autores publicarán o seu traballo nalgunha plataforma da súa elección (web ou blogue propio: en Blogger, Wordpress, Blogspot..., plataformas de publicación en liña: Scribd, Paper.li, Flickr, Prezi, Youtube, Tumblr...) e comunicarán a Es de Libro a dirección URL na que está aloxado
- Os traballos serán realizados en grupo (mínimo de 2 estudantes e máximo de 4) e deberán ser coordinados por un único profesor. Un mesmo profesor pode inscribir e coordinar un máximo de seis traballos.

PREMIOS:

- Para cada un dos alumnos gañadores: 1 CHEQUE REGALO de 60 € para a compra de libros do Grupo SM + 1 TABLETA DIXITAL + 1 exemplar Dicionario da lingua española RAG.
- Para cada un dos profesores que coordinasen as investigacións gañadoras: 1 CHEQUE REGALO de 100 € para a compra de libros do Grupo SM + 1 TABLETA DIXITAL + 1 exemplar Dicionario da lingua española RAG
- Para centros dos grupos gañadores: 1 CHEQUE REGALO de 300 € para a compra de libros do Grupo SM + 1 exemplar do Dicionario da lingua española RAG

MÁIS INFORMACIÓN:

CEDRO Asociación

Alcalá, 26-3.º, entrada Cedaceros, 1 (28014 - Madrid)

Tel.: 91 308 63 30

cedro@cedro.org - concurso@esdelibro.es

WEB: <http://www.esdelibro.es/>

*Arquivo: [Bases completas \(251 KB\)](#)



XXVII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional

As XXVII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, XOUP, ofrecen a oportunidade de coñecer os estudos universitarios do SUG (Sistema universitario de Galicia), os ciclos formativos medios e superiores de FP e de ensinanzas artísticas que se imparten na cidade da Coruña, e os estudos superiores artísticos de Galicia (Estudios Superiores de Deseño e de Arte Dramático)

CANDO: do 1 ao 11 de abril de 2019

- **do 1 ao 5 de abril** de 2019: **ESTUDOS UNIVERSITARIOS** no [Centro Universitario de Riazor](#) (CUR):
 - unha semana de **mesas informativas sobre os graos universitarios** que se imparten nas universidades galegas. Conta cun punto informativo, xestionado polo Centro Municipal de Información Xuvenil e o SAPE, onde asesorarse sobre aspectos de interese para as/os estudantes, de cara á toma de decisións académicas.
- **do 8 ao 11 de abril** de 2019: **ENSINANZAS PROFESIONAIS E ARTÍSTICAS SUPERIORES:**
 - unha semana de **visitas** aos distintos **centros** onde se imparten os ciclos formativos **medios e superiores**, para coñecer máis de cerca estes estudos,
 - e unha **mesa informativa** dedicada aos **estudios superiores artísticos** de Galicia (Estudios Superiores de Deseño e de Arte Dramático), será na [EASD Pablo Picasso](#) o **martes 9 de abril**.

INSCRICIÓN: do 27 de febreiro ao 15 de marzo de 2019

- a) **Persoas interesadas** que estean **matriculadas nun centro educativo:** deben solicitar **no seu centro** as credencias para asistir tanto ás MESAS informativas como ás VISITAS aos centros
- b) **Persoas** que **NON** estean **MATRICULADAS nun centro educativo**, interesadas en acudir ás VISITAS aos CENTROS de ensinanzas profesionais, e a MESA INFORMATIVA dos estudos superiores artísticos: poden facer a solicitude de credenciais s directamente **no CMIX**

REQUISITOS:

- Alumnado de ESO, FP e Bacharelato. Poderán acudir outras persoas interesadas, se hai prazas dispoñibles.
- alumnado ten que presentar a credencial correspondente ao inicio das VISITAS aos centros e das MESAS INFORMATIVAS para acreditar a concesión da praza.

MÁIS INFORMACIÓN:

- ✓ **Servizo Municipal de Educación.**
Concellaría de Política Social e Coidados
 Avda. da Mariña, 18, 2º. (15001 - A Coruña)
 Tel.: 981 184 200 ext. 12047
 e-correo educacion@coruna.es
- ✓ **Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX)**
Concellaría de Participación e Innovación Democrática
 Fórum Metropolitano R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)
 Tel.: 981 184 294
 e-correo: cmix@coruna.es
www.coruna.gal/cmixon
- ✓ **Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE)**
Universidade da Coruña
 Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña, s/n
 (15071 - A Coruña)
 Tel: 981 167 000 ext. 2900 e 2918
 e-correo: sape@udc.es
www.udc.gal/sape

WEB: www.coruna.gal/educacion

*descargar arquivo:

[XOUP 2019 información e calendario \(4 MB\)](#)



Novo período de solicitude dos Locais de Ensaio

A Concellaría de Participación e Innovación Democrática abre un novo período de inscrición para optar a unha das 48 prazas de ensaios dispoñíbeis nos Locais de Ensaio do Concello da Coruña durante a quenda semestral marzo a outubro de 2019

INSCRICIÓN: ata o 24/03/2019

presentaranse por correo-e a xuventude@coruna.es adxuntando a seguinte documentación:

- ✓ [Solicitude](#) debidamente cuberta
- ✓ Fotocopia do DNI de cada membro do grupo
- ✓ Certificado de empadramento, con data de 2019, ou ben matrícula nun centro educativo da cidade para o curso 2018/2019 de, polo menos, o 50% dos/as integrantes do grupo
- ✓ No caso de menores de idade, [modelo de autorización](#) polo pai, nai ou responsable legal, para as actividades de ensaio como para as outras actividades propostas polos Locais de Ensaio (gravación, exhibición e formación), ademais da fotocopia do DNI da persoa que asine a autorización.

CALENDARIO:

- Lista provisional: 26 de marzo
- Prazo de reclamacións e de presentación de documentación requirida: ata o 5 de abril
- Listaxe definitiva: a partires do 8 de abril
- Inicio da nova quenda: 22 de abril

REQUISITOS:

- Que, cando menos, a metade do grupo sexa menor de 30 anos e cuxos integrantes teñan un mínimo de 12 anos cumpridos a 22 de abril de 2019
- Que, cando menos, a metade dos compoñentes estean empadroados na Coruña ou matriculados nalgún centro educativo do concello da Coruña no curso 2018/2019

LUGAR / INFORMACION:

Locais de Ensaio

R/ Francisco Pérez Carballo 2 (Coliseum)
15008 - A Coruña

locaisdensaio@gmail.com

WEB: <http://locaisdensaio.blogspot.com>

*Arquivo: [bases da convocatoria \(360 KB\)](#)

